

NOTA DE PRENSA



Caldas de Reis, a 5 de Maio de 2020

O grupo municipal Popular de Caldas de Reis esixe a Ministra de Asuntos Exteriores, Unión Europea y Cooperación do Goberno de España a repatriación urxente dos veciños do noso Pobo abandonados en Arxentina

O Goberno de España non rematou a repatriación de todos os cidadáns residentes en España que se atopan circunstancialmente fora do noso País pese a que tiñan billete de volta cunha liña aérea comercial contratado.

Recentemente tivemos coñecemento de que tres caldenses (concretamente dúas mulleres e un home), residentes e empadroados no noso municipio, e incluso un dos tres afectados e unha empresaria autónoma cun establecemento comercial en Caldas, están entre os miles de afectados por esta grave deixación de funcións do Ministerio do noso País.

Entre o total dos afectados existen situacións dramáticas: enfermos, familias separadas, empregados por conta allea que como non se incorporen o seu traballo poden perdelo, empresarios que non poden abrir os seus establecementos, etc.

Estes días contactamos cun dos nosos veciños, que por certo non ten familia nin residencia en Arxentina, e nos informou que no seu caso tiñan o voo para regresar o día 22/3 e o 19/3 lle comunicaron que estaba cancelado trocándolle a data para o día 2/5 e o día 29/4 tamén lle comunican que está cancelado e que cando menos ata setembro non se retomarán.

O Goberno de España realizou, entre o día 19/3 e 29/4 6 voos especiais para retornar xente e cando eles contactaron con Ministerio lle dixeron que eles tiñan voo contratado con data confirmada (aínda no lle comunicaran a anulación do voo do 2/5) e que non tiñan problema, que foran solidarios, que a súa situación non era de extrema urxencia e que pasase o que pasase habería voos para todos.

Un dos nosos veciños afectados ven de abrir na plataforma change.org una recollida de sinaturas e xa ten mais de 2.632 a día e hoxe.

Están implorando a varias administracións do Goberno de España e reciben a calada por resposta, existe unha nota do Ministerio que literalmente di que **"...La situación ahora pasó a una nueva fase de asistencia consular, ya no centrada en el retorno, sino que facilitar la permanencia de los españoles en sus lugares actuales..."**



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620

Nos non imos a parar ata que estean de novo cas súas familias e na súa casa, e por elo imos elevar unha proposta o Pleno de Caldas de Reis e o da ELM de Arcos da Condesa (dous son residentes na Entidade Local Menor) para que esixa con urxencia o Ministerio de Asuntos Exteriores a repatriación de estes veciños e trasladarlle a nosa mais profunda protesta por este impresentable comportamento.

Queremos aproveitar para indicar que estamos a disposición de quen poida precisar aclaración de calquera tipo no teléfono 621224620 e no email info@ppcaldas.es.

O grupo municipal do **PARTIDO POPULAR (Populares de Caldas de Reis)**



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620